

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PONTEAREAS**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE ESTABLECEMENTOS E DE ACTIVIDADES.*

*ANUNCIO*

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE ESTABLECEMENTOS E DE ACTIVIDADES.*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria levada a cabo o 26 de abril de 2022, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por apertura de establecementos e de actividades.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 98, do 24 de maio de 2022, publicouse o anuncio da aprobación inicial, sometendo o expediente a un período de información pública e audiencia, por prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación para a presentación de reclamacións e suxestións.

De conformidade co artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) ao non terse presentado alegación ou reclamación algunha, enténdese aprobada definitivamente a modificación da ordenanza.

Publícase o texto íntegro, coa seguinte redacción:

**ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA RELATIVA Á APERTURA DE ESTABLECEMENTOS E ACTIVIDADES**

*Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA XURÍDICA*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Pontearreas establece a taxa pola licenza de apertura de establecementos ou realización de actividades administrativas de control nos supostos nos que a licenza sexa substituída pola presentación da declaración responsable ou comunicación previa, que se rexerá por medio desta ordenanza fiscal, cuxas normas tenden ao recollido nos artigos 20 a 27 e 57 do citado texto refundido,



Luns, 18 de xullo de 2022

Núm. 136

así como de acordo co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### *Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, de comprobación, verificación, investigación e inspección co obxectivo de controlar que o desenvolvemento das actividades realizadas ou que se pretendan realizar no termo municipal de Pontearreas, se adecúen ás disposicións legais vixentes de aplicación en cada momento.

Este feito imponible orixínase coa presentación por parte dos suxeitos pasivos da declaración responsable, comunicación previa do suxeito pasivo, da solicitude de licenza, ou da actuación inspectora municipal, ben se realice pola Policía Local ou ben polo servizo competente, nos casos en que se constaten a existencia de actividades que non fosen declaradas ou que non estean plenamente amparadas pola declaración realizada ou licenza concedida.

Para os efectos deste tributo e ordenanza, considérase como apertura:

a) Os primeiros establecementos nos que se pretenda levar a cabo a actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos.

b) A variación ou a ampliación da actividade que se desenvolve no establecemento, aínda que o titular continúe sendo o mesmo.

c) Calquera alteración que se produza nos establecementos e que requira dunha nova verificación.

d) As comprobacións e verificacións a realizar como consecuencia do cambio de titularidade da actividade.

e) A reanudación da actividade cando requira dunha nova licenza, rehabilitación da xa existente, control técnico-administrativo cando se trate da reapertura anual de actividades de temporada, nova declaración responsable ou comunicación previa.

### *Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS*

Son suxeitos pasivos da taxa relativa á apertura de establecementos, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as do artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e os titulares da actividade que se pretende desenvolver, así como para a que se presenta a declaración responsable ou a solicitude de licenza de apertura. No caso de que a actividade xa se estea a exercer, serán suxeitos pasivos os titulares desa actividade que non presentaron a declaración responsable, comunicación previa ou licenza preceptiva.



Luns, 18 de xullo de 2022

Núm. 136

*Artigo 4.- RESPONSABLES*

Serán responsables da débeda tributaria as persoas ou entidades recollidas no artigo 41e 42 da Lei Xeral Tributaria.

As persoas ou entidades recollidas no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria, son responsables subsidiarios.

*Artigo 5.- DEVINDICACIÓN*

1. A taxa devindicase e nace a obriga de contribuír, no momento que se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible.

Para estes efectos, enténdese iniciada dita actividade na data de presentación da declaración responsable, comunicación previa ou da solicitude de licenza. Nese momento ingresarase o importe da liquidación que corresponda segundo o cadro de tarifas vixente.

2. Se as actividades se inician sen presentar a oportuna declaración responsable, comunicación previa ou sen haber solicitado a correspondente licenza, entenderase devindicada a taxa cando se inicien as actuacións de inspección ou comprobación municipal, así como no momento de iniciarse efectivamente a actividade administrativa conducente a determinar se a actividade ou establecemento é autorizable, ou cumpre co disposto no ordenamento xurídico, con independencia do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o peche.

3. Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada pola denegación da licenza solicitada.

*Artigo 6.- LIQUIDACION DA TAXA E PAGO*

1. A forma na que se esixe a taxa é en réxime de autoliquidación.

2. Simultaneamente á presentación da declaración responsable ou comunicación previa no caso das actividades inocuas, ou da solicitude de licenza no caso das actividades clasificadas, o suxeito pasivo ingresará de forma provisional o importe da taxa resultante.

Nos supostos de pagamento da taxa por actuación inspectora, practicarase unha liquidación provisional en función dos elementos tributarios existentes no momento daquela actuación.

3. A liquidación definitiva da taxa practícase unha vez se presenten as correspondentes solicitudes ou declaración/comunicación, así como realizadas as actuacións de control. No caso de que exista diferenza entre a liquidación provisional e a definitiva, aboarase a diferenza.

4. Hay que ter en conta que as actividades clasificadas, deben solicitar a correspondente licenza de apertura unha vez teñan acabadas as obras e medidas correctoras.



Luns, 18 de xullo de 2022

Núm. 136

**Artigo 7.- BASE IMPOÑIBLE**

1. A base imponible determinarase por unha taxa fixa sinalada segundo a actividade necesite ou non procedemento de avaliación ambiental, máis a suma dunha cantidade en función da superficie construída do local e/ou do espazo a ceo aberto utilizado, de acordo coas tarifas recollidas nesta ordenanza.

a) Actividades sen procedemento de avaliación ambiental:

Taxa fixa de 300,00 € máis o incremento dunha suma en función da superficie, de conformidade co seguinte:

TRAMO	Ata 50 m2	300 EUROS (TAXA FIXA)
TRAMO	A partir de 51 m2	300 EUROS (TAXA FIXA) máis un euro por cada m2 a maiores

b) Actividades con procedemento de avaliación ambiental:

Taxa fixa de 600,00 € máis o incremento dunha contía en función da superficie, de acordo co seguinte:

TRAMO	Ata 50 m2	600 EUROS (TAXA FIXA)
TRAMO	A partir de 51 m2	600 EUROS (TAXA FIXA) máis un euro por cada m2 a maiores

2. Para os cambios de titularidade de establecementos que contén con licenza de actividades ou comunicación previa en vigor establécese unha taxa fixa de 150,00 €.

3. Cando nun mesmo establecemento se leven a cabo varias actividades, para os efectos do cómputo de tarifas, terase en conta a taxa máis alta das que correspondan.

4. No caso de que no momento de presentar a declaración responsable se declarase a realización dalgunha obra, virarase autoliquidación que tomará como base imponible da mesma o seu custo de execución e aplicaráselle o tipo que marque a ordenanza do ICIO.

**Artigo 8.- OUTRAS TARIFAS**

No caso de licenzas de apertura sen cambio de titularidade aplicarase o seguinte:

- Ampliación da superficie do local con igual actividade: a tarifa será a diferenza entre a cota que resultaría de aplicar coa nova superficie total e a cota que resultaría para a superficie inicial. No caso de que non se saltase de tramo, resultaría a pagar o 30% de dito tramo.

- Ampliación da superficie do local con cambio de actividade: A tarifa será o 30% sobre o tramo da tarifa da nova actividade e de acordo cos metros do local.

- Incluír unha actividade compatible coa xa autorizada: a tarifa será o 30% sobre o tramo da tarifa da nova actividade e os metros do local.



- No caso de cambios de actividade, sen ampliación da superficie: a tarifa será o 20% sobre o tramo da tarifa da nova actividade e os metros do local.

#### *Artigo 9.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

De conformidade co artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non son aplicables outros beneficios fiscais que os que expresamente estean previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

Os suxeitos pasivos que consideren que teñen dereito á exención ou bonificación deberán solicitalo por escrito, concretando a disposición legal ou o tratado que consideren aplicable.

#### *Artigo 10.- NORMAS DE XESTIÓN*

1. Os suxeitos pasivos presentarán ao Concello de Pontearreas a solicitude de licenza ou a declaración responsable de actividade á que acompañarán os documentos xustificativos daquelas circunstancias que sirvan de base para a liquidación da taxa e especificarán a actividade a desenvolver no establecemento. Enténdense como imprescindibles as circunstancias acreditativas do titular da actividade, no seu caso o proxecto e calquera outro documento que o Concello de Pontearreas considere necesario.

No caso de que con posterioridade á solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa varíe ou ampliase a actividade que se vai levar a cabo no establecemento, así como se modifiquen as condicións proxectadas, ditas alteracións deben poñerse en coñecemento do Concello.

2. Nos cambios de titularidade presentaranse os seguintes documentos acreditativos:

- Escritura de constitución da sociedade.
- Alta no IAE e baixa do anterior titular ou documento substitutorio.
- Fotocopia do DNI do titular.
- Calquera outro documento que se considere necesario e sexa requirido polo Concello.

3. No momento de presentar a documentación polo suxeito pasivo procederase a confeccionar a autoliquidación da taxa que será ingresada na conta municipal indicada.

O ingreso terá carácter de depósito provisional quedando elevado a definitivo no momento que se conceda a licenza correspondente ou se tome razón da comunicación previa/declaración responsable, procedéndose nese momento á liquidación definitiva da taxa, salvo que proceda a súa revisión como liquidación.

4. Ata tanto non recaia acordo municipal sobre a concesión de licenza ou toma de razón da comunicación previa ou declaración responsable, os interesados poderán renunciar expresamente



Luns, 18 de xullo de 2022

Núm. 136

a esta, quedando as taxas liquidables reducidas ao 15% do que correspondería no caso de concederse dita licenza.

No caso de que o Concello xa realizase as inspeccións necesarias do local non haberá lugar a practicar redución algunha.

5. Unha vez concedida a licenza de actividade, será necesaria a solicitude de concesión de licenza de apertura para poder iniciar a actividade. Non será aplicable o disposto neste apartado 5 cando o título habilitante para exercer a actividade sexa a comunicación previa de inicio de actividade.”

6. Cando nun mesmo establecemento se realicen por distintos titulares varias actividades, cada un deles está obrigado á liquidación da taxa que corresponda.

7. O Concello de Pontearreas pode levar a cabo procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada, de conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria.

#### *Artigo 11.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S*

En todo o relativo ás infraccións tributarias e as correspondentes sancións aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e o disposto nas disposicións que a desenvolven.

#### *DISPOSICION TRANSITORIA*

Os expedientes sancionadores por infracción tributaria que fosen incoados con anterioridade á data de entrada en vigor da presente ordenanza, continuarán a súa tramitación ata a súa resolución.

#### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

Coa entrada en vigor desta Ordenanza quedan derogadas:

-ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS (BOP de Pontevedra n.º 16 de 23 de xaneiro de 2013).

-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL (CONTROL A POSTERIORI) RESPECTO DOS PROCEDEMENTOS DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS, APERTURA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E ACTIVIDADES INOCUAS E CAMBIOS DE TITULARIDADE (BOP de Pontevedra n.º 16 de 23 de xaneiro de 2013).



Luns, 18 de xullo de 2022

Núm. 136

*DISPOSICION FINAL*

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, o día seguinte á súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o acordo de aprobación definitiva, as persoas interesadas poderán interpor, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

O secretario municipal

Carlos López Quintáns

De conformidade co artigo 3.2 j) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

(Documento asinado electronicamente)

